

Revistas dixitais

Enviado o 12 Febreiro 2013



Continuando co seu impagable labor de difusión e análise da literatura galega de noso, a AELG, a través do seu voceiro a revista *Escrita contemporánea*, publicou un volume no que se recollen as Actas do VI Encontro de Novos/as escritores/as baixo o título xeral de *Da tinta á pegada dixital*.

Esta entrega de *Escrita contemporánea* —que na súa particular numeración alfabetizada fai xa o R— debrócese no moi suxestivo e complexo mundo das revistas dixitais como novos espazos para a presenza da literatura na sociedade actual.

Cómpre dicir que, como queira que os encontros que reproduce esta publicación tiveron lugar en setembro do 2011, algunhas das informacións ou valoracións que nel se verteron foron xa matizadas ou superadas pola vertixinosa realidade dixital. Secasí, é evidente que a cerna do alí exposto segue a ter vixencia e que gran parte das súas propostas se viron tamén confirmadas neste tempo.

Prologado polo presidente da AELG, o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, o volume recolle unha conferencia inaugural de Tati Mancebo sobre “As revistas na era dixital” e os relatorios de dúas mesas redondas: unha primeira arredor do concepto “Crear desde a ventá” e unha segunda para “As revistas dixitais na Galiza: pasado, presente e futuro”.

Coordinada por Antía Otero, vicepresidenta da institución, a primeira das mesas reuniu as voces de tres poetas singulares que desenvolveron (e algúns aínda desenvolven) na Rede interesantes espazos de comunicación. Velaí o ciborg literario *...mmm...* de Estibaliz Espinosa, o colaxe creativo de anacibeira.blogspot.com e o punk poeticomusical de Leo F. Campos en Haicu.



Pola súa banda, a segunda das mesas tivo como mestra de cerimonia á tamén poeta Elvira Riveiro Tobío, quen cedeu a palabra a Chus Nogueira para que fixese un exhaustivo varrido das orixes e actualidade das revistas literarias en internet; a Gaspar Domínguez para que falase da poesía e o medio electrónico dende a súa experiencia como xestor da páxina Andar21.net; e a Montse Pena Presas para que se ocupase das plataformas que acubillan a crítica literaria galega entre retrincos de tinta e bytes.

É moi de agradecer que as xentes da AELG tomasen a iniciativa de convocar este foro e publicar as presentes actas. Neste mundo evidentemente internetizado, onde a convivencia da prensa en papel e os novos medios dixitais é unha realidade da que a práctica totalidade da nosa sociedade xa participa, facíase necesario reflexionar sobre as posibilidades que este novo continente abriu para a creación e o pensamento dende as revistas que pola arañeira circulan.

Para tod@s @s que, como ciberlector@s asidu@s, navegades polo ancho mar da Rede este *Escrita contemporánea. Da tinta á pegada dixital* ha ser lectura coa que hiperenlazar lediciosamente. As súas páxinas complementariamente non electrónicas esperan por vós.

[Publicado nos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*, 10-2-2013]